

## Os orzamentos de Oroso para 2016 duplican os investimentos sen subir os impostos

O Concello de Oroso aprobou os orzamentos para 2016, que medran un 21% e inclúen unha partida de 2,33 millóns de euros para investimentos, o que supón un 91% máis co ano anterior. Uns orzamentos que contemplan un superávit de 48.404 euros, xa que o orzamento de gastos ascende a 6.322.557 € mentres que o de ingresos é de 6.370.962 €.

O alcalde Manuel Mirás cualifica este orzamentos como "macroinvestidores", xa que destinan **2.338.021 euros a inversións, un 91% máis** ca en 2015. Ademais, indica que "Oroso é un concello sostible economicamente. Non é que diga eu, son os números os que nos dan a razón: os ingresos correntes supoñen o 67% do orzamento fronte ao 61% do gasto corrente, a diferenza é de 375.000 euros". Algo que días despois confirmou o Ministerio de Facenda, que indicou que **Oroso é o municipio da contorna que máis pronto paga as súas facturas** (1,17 días) e que



*As contas aprobáronse cos 8 votos de PSOE e BNG, as 4 abstencións do PP e o voto en contra de Anova*

non lle debe nin un euro a ningún provedor.

Ademais, Mirás Franqueira adianta que "imos ter un remanente positivo de Tesourería de en torno aos 300.000 euros, que serán destinados a novos investimentos en beneficio dos veciños e veciñas de Oroso", polo que a partida de investimentos duplicaría a rexistrada en 2015. Entre os proxectos destacan os 200.000 € para a reurbanización da avenida da Grabanxa, os 120.761 € para a construción do Centro Cívico da parroquia de Oroso ou os 275.000 € para dúas novas sendas peonís: de A Baiuca ata A Igrexa (Senra) e dende a rúa María Casares (Porto Avieira) ata Piñeirón (Gán-

ara). Tamén hai **560.000 € para infraestruturas deportivas**, que inclúen a construción de dúas pistas de tenis e unha pista de pádel cuberta, a dotación de céspede artificial para o campo de fútbol de Oroso, a reforma dos vestiarios do campo Lino Balado e a mellora da iluminación nos campos de fútbol de Deixebre e Sigüeiro.

Así mesmo, resérvanse máis de **861.000 euros para actuacións na rede de estradas e seguridade viaria**, como os 74.000 € para o asfaltado da pista que vai a Mixoi dende o enlace a Castiñeiro Redondo, os 54.000 € para mellora da calzada da rúa da Tosca (Sigüeiro), os 23.000 € na mellora dos accesos ao

Refuxio ou os 235.000 € para mellora da rede viaria municipal. Tamén comprén os 60.000 € para as beirarrúas no Barreiro ou os 58.000 € para a construción das beirarrúas na N-550, de acceso ao novo colexio. Finalmente, para actuacións en materia de **saneamento e abastecemento**, os orzamentos de 2016 contemplan case 180.000 euros para os núcleos de Cachopal (Calvente), A Igrexa (Oroso), Valverde (Villaromariz) e O Barreiro (Oroso).

Este aumento de obras é posible grazas á boa xestión económica do Concello, que consegue achegas doutras administracións (un 46,89% máis ca en 2015). Por iso **os impostos e taxas non aumentarán**. De feito, Oroso ten unha das presións fiscais máis baixas de España: 304,5 €/veciño, fronte á media nacional (516,32 €) e galega (386,13 €). É dicir, os veciños/as de Oroso pagan un 41% menos impostos que o resto de España e un 21% menos que a media dos galegos.





## Rey aposta por crear unha asociación xuvenil e poñer en valor a Aula da Xuventude

“En materia de mocidade, no Concello de Oroso temos dous retos: crear unha asociación xuvenil, e aquí vexo moita materia prima, e despois darlle utilidade á Aula da Xuventude de Sigüeiro, que temos parada pero que queremos que estea chea de actividades”. Son palabras do concelleiro de Xuventude, Luís Rey Villaverde, durante o acto de entrega de diplomas do Curso de Monitor de Tempo Libre, impartido pola Escola Galega de Tempo Libre e no que tomaron parte 23 mozas e mozos do municipio. Un acto que estivo presidido polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás, quen afondou na mesma cuestión: “botamos en falta a participación da xuventude nas actividades polo que vos animo a seguir facendo iniciativas, a que vos acheguedes pola Aula da Xuventude”. Neste sentido, tanto Rey Villaverde como Mirás Franqueira coincidiron en felicitar ao alumnado e convidalos a facer propostas dirixidas á mocidade do municipio.



Presentación do CEICI na facultade de Historia



### “Easter camp”, a proposta de conciliación familiar para as festas de Semana Santa

O Concello de Oroso, en colaboración coa Escola ConTalento, presentan “Easter camp”, un campamento dirixido a nenos e nenas en idade escolar que terá lugar os días 21, 22, 23 e 28 de marzo, coincidindo coas vacacións de Semana Santa. Haberá xogos de equipo, manualidades creativas, ocio saudable, educación emocional... con flexibilidade tanto de horarios como de prezos (entre os 25 e os 35 €). É necesario anotarse antes do 17 de marzo no centro cultural (881 981 380) ou na Escola ConTalento (881 981 905 / 669 956 427).



### Ampliado o prazo de inscrición nos Obradoiros Culturais 2016

O Concello amplía o prazo de inscrición nos Obradoiros Culturais ata o 9 de marzo (no centro cultural ou no 981 69 09 03). Este ano haberá máis cursos: labores, globoflexia, maquillaxe, estampación de camisetas, iniciación á costura, traballos con fieltro e fotografía, cuxos prezos oscilan entre os 20 e os 50 €.



### Aberto o prazo de solicitude de prazas na gardería “A Ulloa”

O Concello de Oroso informa da apertura do prazo de presentación de solicitudes de prazas na escola infantil municipal “A Ulloa” para nenos/as de 0 a 3 anos. Aqueles que estean interesados poden conseguir máis información na propia gardería da Ulloa (981 691 505) ou no Departamento de Servizos Sociais (981 688 950). O prazo remata o 26 de marzo.



### A IV Carreira Pedestre Concello de Oroso parte co obxectivo de acadar os 1.000 participantes

Un milleiro de participantes. Ese era o obxectivo que o mes pasado nos propoñía Troi dende estas páxinas: lograr un milleiro de corredores na IV Carreira Pedestre Concello de Oroso, que terá lugar o sábado 30 de abril, a partir das 17:30 horas. A proba discorrerá por un circuito urbano/semiurbano con saída e chegada na rúa Camiño Inglés, epicentro das distintas probas. A inscrición da proba absoluta poderá realizarse nas webs [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago) antes do mércores 27 de abril. A inscrición será gratuíta para as categorías escolares (pitufo a xuvenil) e de 5 euros para as categorías de junior-promesa a veteranos. Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría (masculinos e femininos), salvo prebenxamín e pitufo, na que todos recibirán medallas.





## Teatro, música e fotografía para conmemorar o Día Internacional da Muller

O Concello de Oroso conmemorará o Día Internacional da Muller con tres actividades: dúas abertas a toda a veciñanza e outra dirixida especialmente aos escolares, conscientes da importancia dunha educación en igualdade como base para resolver conflitos de xénero. Así, o martes 8 de marzo o auditorio do centro cultural de Sigüeiro acollerá dúas sesións de teatro infantil para o alumnado do CEIP Sigüeiro (10:30 horas) e do CEIP Oroso (12:00 horas). Baixo o título "Somos iguais", a representación achegará aos rapaces e rapazas de Oroso unha mensaxe a prol da igualdade entre homes e mulleres, así como o moito que aínda falta por avanzar neste eido.

O venres 11 de marzo, ás 19:00 horas, o centro cultural de Sigüeiro acollerá o acto de entrega dos premios do Concurso de Fotografía "Muller Traballadora", que este ano chega á súa sexta edición. O acto contará cunha actuación musical a cargo do alumnado da Aula de Música de Oroso. A entrada é totalmente libre e de balde.



Mirás anunciou melloras para a Festa dos Maiores

## Novas actividades para os maiores: viaxe a Góis, saídas á praia e ao Camiño Inglés



O Concello de Oroso organizará unha viaxe a Góis para maiores. Así o anunciou Manuel Mirás aos máis de 70 maiores que participaron no primeiro "Encontro co alcalde" de 2016. Mirás explicou que "este ano temos pensado facer varias excursións para maiores: algunha saída á praia, unha viaxe de un ou dous días a Góis e tamén imos facer o Camiño Inglés

ao seu paso por Oroso. E se vos gusta e vos animades, noutra ocasión facemos o Camiño ata Santiago". Ademais, haberá melloras na Festa dos Maiores, que terá lugar o 23 de abril: o Concello porá servizo de autobús para todos os que o precisen e o baile farase nunha carpa a carón do polideportivo, para evitar molestias aos que desexan gozar dunha charla de sobremesa. Unhas propostas que foron moi ben recibidas polos maiores.

**INICIACIÓN AO TENIS**

BONSOS DE CLASES	CLASES SOLTAS
Individual - 40€	Individual - 10€/hora
2 alumnos/as - 70€/persoa	2 alumnos/as - 10€/hora
3 alumnos/as - 100€/persoa	3 alumnos/as - 10€/hora
4 alumnos/as - 130€/persoa	4 alumnos/as - 10€/hora

\*Cada clase dura 1 hora  
\*Todos os días ás 18:00 horas de martes a domingo

Reservacións: 988 294 876 (horario 1 a 6h)

[www.clubtenisorosos.com](http://www.clubtenisorosos.com)

**V CAMPIONATO PATINAXE ARTÍSTICA**  
CLUB PATINOROSO  
Pavillón Juanito Almagro  
Sigüeiro

EXHIBICIÓN DE PATINADORES

SÁBADO 12 MARZO 10:30h  
DOMINGO 13 MARZO 10h

PATROCINA: DEPUTACIÓN DE OROSO, XESUS VILA, FAMILIA, COCA-COLA, YEGALSA, OROSO

ORGANIZA: CLUB PATINOROSO

**IMOS LEVARNOS BEN...**  
Contos e obrapreiros

5, 8 E 12 DE MARZO  
ÁS 11h NA BIBLIOTECA  
PARA MENASOS DE 3 A 9 ANOS

20 PRAZAS

RESERVACIÓNS NA BIBLIOTECA  
988 490 903  
[www.clubtenisorosos.com](http://www.clubtenisorosos.com)

**EN BUSCA DO LIBRO PERDIDO**  
PARA RAPACES/AS DE 8 A 12 ANOS

VENDESAS DE LIBROS  
LUNAS DE 18:00h

**A BIBLIOTECA NOS CORTOS**

VENDESAS DE LIBROS  
LUNAS DE 18:00h  
FACEMOS AS PAGES!

**FOI NOTICIA...**



*O pai e a nai de Fernando Abad cortaron a cinta de inicio da carreira na honra do seu fillo*

## Sentida homenaxe a Fernando Abad

Un total de 77 ciclistas tomaron parte no I Memorial Fernando Abad, carreira organizada polo club Tambre Bike e polo Concello de Oroso para homenaxear ao presidente e fundador do club orosán, tristemente falecido en 2015. A homenaxe incluíu a entrega de sendas placas conmemorativas aos seus proxenitores, Fernando Abad e Esther Roca. O triunfo na proba foi para Vicente Alló, do Código Atlántico Club Ciclista.



Gran éxito do Combo de Rock da Aula de Música, composto por Antón Rochela (guitarra), Salvador Pérez (batería), Xosé López (baixo), Daniel Jorge Fernández (frauta) e Andrea Paiceira (teclado), que deu un concerto no centro cultural.



O Concello apoiou aos traballadores de Transportes Pellejero e Hijos SL, concesionaria de SOGAMA, e instou á empresa a buscar unha solución negociada que garanta a continuidade dos empregos, moitos de veciños de Oroso.



Sara Gacio Cendal, do club Boudsport e veciña de Oroso, proclamouse subcampioa galega cadete de Taekwondo, modalidade combate, no Campionato celebrado en Boiro, no que participaron 160 deportistas de toda Galicia. Parabéns!



## Un Entroido de maior calidade

A choiva, que impediu a celebración do desfile por Sigüeiro, foi a única nota discordante dun Entroido que se recordará por moito tempo, tanto polo número de participantes como pola calidade dos seus disfraces. A comparsa gañadora foi "Un día no ártico" (Ordes), mentres que "Diamantes de corda" e "Escola de samba: as crianzas de Oroso" deixaron ben alto o pabillón local diante dun ateigado polideportivo que gozou de inchables, baile e chocolate con churros.



*Gañadores dos concurso de máscaras e de receitas de Entroido*